



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm.: 2023/C005/000004

Ref.: MGM

DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN DUNHA CUBA TÁNDEM 16.000 LITROS EN ACEIRO INOXIDÁBEL CON ACCESORIOS PARA PROTECCIÓN DO MEDIOAMBIENTE” PARA O CONCELLO DAS PONTES. (FCA 2023)

ANTECEDENTES

- No DOG núm. 19 do 27/01/2023 publícase a Orde do 29 de decembro de 2022, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia
- Mediante decreto número 404/2023, do 23/02/2023, solicítase unha subvención na liña en concorrencia non competitiva en diversos ámbitos, entre outros, para a “Subministración dunha cuba tándem 16.000 litros en aceiro inoxidable con accesorios para protección do medioambiente” para o concello das pontes. (FCA 2023)”. O orzamento total da actuación é de 79 466,11 €.
- En data 28/05/2021 (RE núm. 2479), recíbese no concello a notificación da resolución do 25/05/2021 da directora xeral de Administración Local, de acordo co disposto na Orde do 30/12/2020, dentro da liña de subvencións contemplada no artigo 3.1.a) da devandita Orde para os concellos cuxo territorio municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico e os afectados pola correspondente instalación de conexión ou vía de evacuación, que acordou concederlle ao Concello das Pontes unha subvención por importe total de 240 799,51 € para as actuacións solicitadas ao abeiro desta convocatoria de subvencións.
- En base a estes antecedentes o día 18/07/2023 asínase o informe técnico da necesidade da subministración inicio do expediente na que se xustifica a súa necesidade.
- O prego de prescrición técnicas asinouse en data 28/07/2023.
- O prego de cláusulas administrativas ten data agosto de 2023. O prego asinouse o día 31/08/2023. A CPV do contrato é 34223340-1 Remolques cisterna.
- Con data 31/08/2023 o secretario accidental emite informe xurídico favorable ao prego de cláusulas administrativas e á aprobación do expediente.
- O informe de fiscalización da intervención municipal núm. 413/2023 é de data 31/08/2023; no informe confírmase a existencia de crédito e fiscalízase de conformidade o expediente.

FUNDAMENTOS

Os artigos 28, 117.1, 135, e 159 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector público; nos artigos 184 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 54 e 55 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, de desenvolvemento do capítulo I do título VI da Lei reguladora das facendas locais, que regulan a autorización dos créditos orzamentarios e o Decreto nº 1733/2023, do 28 de xullo, de substitución nas funcións da Alcaldía e Tenencias de Alcaldía por mor das vacacións do alcalde, a concelleira María Tania Pardo Cabarcos desenvolve, entre os días 21/08/2023 e 31/08/2023, as funcións da Alcaldía e Tenencias de Alcaldía.

Por iso, á vista dos antecedentes e fundamentos citados, RESOLVO:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm.: 2023/C005/000004

Ref.: MGM

- 1º) Avocar a competencia da Xunta de Goberno Local para aprobar este expediente, á vista da ausencia por vacacións dos/as tenentes de alcalde.
- 2º) Aprobar o expediente de licitación do contrato de “Subministración dunha cuba tándem 16.000 litros en aceiro inoxidable con accesorios para protección do medioambiente”. O expediente tramitarase mediante procedemento aberto simplificado.
- 3º) Publicar a licitación no perfil do contratante do órgano de contratación, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.
- 4º) Autorizar crédito por importe de 79 466,11€ con cargo á partida orzamentaria 450.62300.2.20001.1

As Pontes de García Rodríguez, 31 de agosto de 2023

A Alcaldesa, en funcións

María Tania Pardo Cabarcos